



O ALUMNADO DE 4º OPINA...



A pesar de que a sociedade evolucionara nalgúns aspectos nos últimos anos, a discriminación cara os inmigrantes é un caso que segue sen resolverse, aceptarse e integrarse, non só por parte das autoridades, senón tamén pola dos cidadáns que dan lugar a esta.

O fenómeno da inmigración non acontece só de cara a Europa, España ou Galicia en particular, senón que soe acontecer en lugares xeopoliticamente estratéxicos, por citar algúns, o caso dos Estados Unidos co seu veciño pobre

México. Arxentina, no seu momento e aínda hoxe, segue recibindo inmigrantes procedentes de países veciños máis pobres, tales como Perú, Bolivia, Paraguai, etc, que realizan, igual que aquí, o traballo deplorable que os cidadáns se negan a realizar, casualmente porque o estado de benestar (estatus) impídellelo. No caso concreto do meu país, chama a atención como cidadáns procedentes de Europa critican a día de hoxe a inmigración peruana, boliviana, paraguaia, etc, sendo que eles mesmos fuxiron dunha Europa convulsionada pola fame e a guerra. Persoalmente resúltame paradoxico a seis anos de vivir neste país, o non sentirme de aquí, e de feito son unha cidadá co permiso de residencia soamente. Creo que para referirse obxectivamente a este tema non se pode falar por boca de ganso, dende púlpitos, dende claustros nin parafraseando con noticias televisivas.

A sociedade actual daría un paso de xigante se se decidise a estudar o seu pasado e se preguntase por que inmigraron os seus antepasados, quizais a resposta a posúan os donos dende sempre da terra e dos seus recursos.

Se non hai unha aproximación a este proceso de autorreflexión, seguirán morrendo seres inocentes á beira dos imperios, mortos a balazos pola soldadesca sen que ningunha manifestación cidadá xurda expontaneamente. Polo descrito, opino que o chamado fenómeno da inmigración, da forma na que se trata a día de hoxe, é unha mostra evidente da descomposición dos valores occidentais e cristiáns.

Demais está aclarar que este tema descomponnos o estómago á miña familia e a min, porque somos conscientes de que somos afortunados por nacer nunha colonia americana e non africana.

AIRINA TRINCHERI

A polémica afectou á deportación de inmigrantes, xa que o goberno marroquí comprometérase a devolver ao seu país de orixe a todos os inmigrantes, cousa incerta, xa que os gardas marroquís abandonaron a preto de trescentos inmigrantes no Sahara Occidental.

Ademais quero facer unha pequena reflexión: todo isto evitaríase se os países ricos cumpriran algún dos pactos que se acordaron para paliar a fame no terceiro mundo, por exemplo, o pacto do 0'7 %, que consiste en entregar esta cantidade da riqueza total dos países ricos aos países do terceiro mundo.

ARTURO MARTÍNEZ PINTOR

... A INMIGRACIÓN

Hoxe en día un dos grandes problemas da nosa sociedade é a emigración. Esta prodúcese polas diferenzas das condicións de vida que hai entre uns países e outros. Para evitar a emigración masiva, procedente dos países máis desfavorecidos cara os países ricos, colócanse grandes barreiras.

En España colocouse hai anos unha de tres metros de altura para evitar a entrada dos habitantes do Norte de África, sobre todo os de Marrocos e Arxelia, que viven en situacións precarias. Ao parecer isto non é dabondo para detelos, por iso decidiuse aumentar esta barreira ata os seis metros antes do remate do ano. Esta decisión só fixo empeorar as cousas, xa que estes días o número de xente que intenta atravesar esa fronteira aumentou desmesuradamente.

Os marroquís arríscanse todo para chegar a territorio español e deixar atrás a fame e a miseria, e así poder axudar ás súas familias. Despois de facer centos de quilómetros chegan á gran barreira, un arame que os separa dunha vida mellor, e por iso non dubidan en saltala, aínda que iso signifique perder a vida. Pero cando lles falta un só paso, encontran outra dificultade: os gardas que impiden o paso e que están dispostos a facer de todo para cumprir co seu deber. Son poucos os que conseguen o seu obxectivo, chegar a España, e os que quedan atrás volven ao seu país.

Estes días centos, miles quedan atrás, son detidos e esposados uns a outros. Métenos en autobuses e a maioría son abandonados no medio do deserto. Todos eles sobreviven a duras penas, comen o mínimo, o que poden, e só gardan forzas para volvelo intentar, intentar conseguir unha vida mellor.

SANDRA RODRÍGUEZ CARRIL



de fecundidade é de case sete fillos por muller.

Acceden a Europa por rutas chegas de subornos, onde os cartos fan que as fronteiras se

Todos queren entrar; a guerra, a fame, a seca, condénaos dun modo ou outro a un mundo sen futuro.

Todos temos o dereito a ter unha vida mellor, pero isto para algunha xente parece non ser verdade. Segundo cálculos da FAO (organización para a agricultura e alimentación), a fame severa ameaza só nunha rexión subsahariana a máis de cinco millóns de persoas. Ante isto, os países máis ricos seguen sen brindar a axuda necesaria.

Todo isto dáse en países onde as oportunidades de prosperar escasean, pero a taxa



O ALUMNADO DE 4º OPINA...

abran. Aínda así, ás veces son deportados e todo comeza de novo. (...)

A fame move a xente, a miseria africana penetra nos nosos fogares a horas nas que as nosas mesas están cheas de diversas comidas, distintos gustos dentro da familia e incluso alimentos apropiados para combater o exceso de peso por descontrois alimenticios.

Podemos dicir que o problema é a pobreza, pero a principal causa é a diferenza de vida entre o lugar do que veñen e ao que van.

CARME MONTERROSO GÓMEZ



Isto (a chegada de inmigrantes) é un problema moi serio para España, porque dentro de pouco teremos que marchar os españois para deixarlles o sitio a eles.

Outro dos problemas dos inmigrantes é que non teñen traballo, porque como non teñen papeis de regularización en España, ningunha persoa os colle, porque se non pódennlle causar problemas (multas, xuízos, etc), e o que é peor é que algúns non queren traballar e dedícanse a roubar, etc.

DAVID VÁZQUEZ CEA

Creo que co esforzo de todos e en especial dos gobernos podíase remediar, xa que hai sitio no mundo para todos.

BELÉN TORREIRO MARTÍNEZ

Aos emigrantes éelles imposible atopar solución ao seu problema de pobreza, porque se se quedan no seu país de orixe, morren eles de fame e mais a súa familia; se intentan cambiar de país ilegalmente, o máis probable é que os detecten, os deteñan e os abandonen ou que os devolvan ao seu país, e aínda que non sexan detectados, o máis probable é que morran no camiño; e se conseguen chegar ao país que desexan, accederán a traballos (se é que o atopan) mal pagos e nos que terán que traballar moito, co cal seguirían vivindo en condicións inhumanas.

Eu non teño unha opinión moi clara con respecto a isto, posto que penso que se non se controla a entrada de emigrantes, o país acabará nun caos, posto que non haberá traballo para todos e haberá máis delincuencia. Pero non estou de acordo co que din algúns de que os emigrantes lles quitan os postos de traballo aos traballadores do país, porque os traballos que fan os emigrantes son os pouco cualificados,



... A INMIGRACIÓN



os que ninguén quere facer, e os emigrantes non optarán a postos de traballo cualificados, posto que non teñen formación.

CRISTINA RÚA CASTRO

Penso que está mal que non lles deixen escapar, xa que viven na miseria, pero, por outra parte, España non pode admitir a todos os inmigrantes, xa que son moitos e non hai traballo para todos.

O ideal sería que cada país acollese uns poucos ou que lles axudasen para que

puidesen vivir mellor.

IRIA ARIAS PINTOR

Hai uns días saíron á luz unhas informacións que non están moi claras. Díxose que os gardas que vixían as fronteiras dispararon aos inmigrantes que intentaban saltar o valado. Os gardas defendíanse dicindo que eles os atacaran con pedras, pero son datos non moi claros.

Eu penso que os gardas non debían disparar nin tratar mal aos inmigrantes, porque eles non veñen para España porque queiran, senón porque alí teñen unhas condicións de vida nas que non dan vivido. Por outra parte entendo que non os deixen entrar a todos e que os leven de volta para o seu país, porque son moitos.

MARTA PÁJARO VARELA

Dende o meu punto de vista, esta situación non debera durar moito máis tempo, en realidade non debera existir. Creo que os países ricos deberan axudar aos países pobres para que non se visen obrigados a ter que vivir esta situación e así non ter que emigrar de forma masiva e ilegal. Comprendo que é difícil, pero penso que estaría ben axudar o máximo posible. (...)

A min dáme pena que homes, nenos e mulleres embarazadas teñan que vivir todo isto e que teñan que arriscar a súa propia vida, total para non conseguir o seu propósito, pero creo que é porque non hai "sitio" para todos. Eu espero que isto non dure moito e se atope pronto unha solución boa para todos, pero tense que arranxar dunha maneira xusta e por parte de ambos países.

SANDRA ABAD GARCÍA

